

O xadrez: ferramenta intelectual, deportiva e educativa



Resulta coñecido o beneficioso que resulta a práctica desta disciplina intelectual e deportiva entre os xóvenes, favorecendo o desenvolvemento das funcións cognitivas, a capacidade de atención e planificación, o adestramento da memoria, a percepción, o cálculo mental ou incluso como se está a demostrar en experiencias recentes, representa unha excelente ferramenta para combatir o TDAH, mellorar a comprensión lectora dos máis xóvenes, ou axudar a combatir o Alzheimer.

Como ferramenta única e transversal son múltiples as opcións que nos ofrece, así como as posibilidades de aplicalo, de forma sinxela e clara, aos diferentes eidos educativos que propoñemos neste curso, dende as matemáticas, pasando pola linguaxe e incluso as materias relacionadas coa expresión artística ou co deporte.

DOCENTES:

Iván Salgado López (Director):

7 veces campión de España Individual de Xadrez
Subcampeón do mundo xuvenil en 2009 e campión de Iberoamérica en 2012
Xefe de filas do Club Xadrez Ourense no equipo de división de Honra Nacional 2021
Licenciado en xestión deportiva e Manager deportivo na universidade de Sofía (Bulgaria)

Elías Xosé González Gil (Coordinador):

Adestrador titulado pola Federación Internacional de xadrez, (FIDE Trainer).
Adestrador titulado pola Federación Española de Xadrez, (Técnico Nacional).
Experiencia na docencia do xadrez en máis de 30 centros da provincia desde 1993.
Seleccionador galego de xadrez (3 tempadas).

Alba Rodríguez Vázquez:

Mestra de educación primaria (Educación Física), é especialista en actividade física e estimulación cognitiva.
Monitora Nacional de Xadrez, con experiencia en varios centros de ensino.
Deportista en activo na actualidade.

David González Gándara:

Mestre de educación primaria e orientador escolar.
Xuiz internacional de xadrez titulado pola FIDE.
Longa experiencia como monitor de xadrez de base en escolas de primaria e secundaria.
Director do proxecto "Chess in English" da Escola Xadrez Ourense.

Ángeles Rodríguez Bernárdez

Psicóloga colexiada.
Monitora Nacional de Xadrez
Experiencia en varios centros de ensino de Ourense.

PROGRAMACIÓN DO CURSO (50 horas)

PRIMEIRO BLOQUE (5 horas presenciais)

I Coñecemos o taboleiro e as pezas. Evolución histórica.

O Taboleiro de xadrez: casiñas, verticais, diagonais e horizontais. Colocación do taboleiro
Presentación das pezas, orixe, simboloxía e evolución histórica. Colocación das pezas.
Movementos dos diferentes tipos de pezas: Torre, Bispo, Dama, Rei, Cabalo e Peón. Capturas.
Movementos especiais. O enroque e tipos. A coroação. Valor relativo das pezas e exemplo de Transversalidade I: Xadrez como ferramenta na competencia matemática. (CMCT)
Recursos didácticos (I)

SEGUNDO BLOQUE (15 horas presenciais)

II O xaque mate. As táboas e casos. Introducción á táctica.

Obxectivo do xadrez: o xaque mate. Concepto de xaque. Defendémonos do xaque.
O afogado e as táboas. Casos de táboas.
Introducción aos mates básicos no final de partida e aos mates habituais ao comenzo da partida.
Temás tácticos habituais: a cravada, o ataque dobre, a descuberta, os raios "X".
Defendéndonos das ameazas. Os Sacrificios en xadrez.
Recursos didácticos (II)

TERCEIRO BLOQUE (20 horas presenciais)

III Iniciando a partida. Introducción ao medio-xogo. Táctica e estratexia. Os finais.

Desenvolvemento armónico das pezas, mobilización de efectivos. Erros habituais na apertura.
A apertura, regras universais. Importancia do centro do taboleiro e do dominio do espazo.
Os cambios, iguais e desiguais. Introducción ao medio-xogo. Táctica e estratexia. O plan de xogo.
Construcción de esquemas de mate típicos no medio-xogo.
Teoría dos finais de 3 pezas. Introducción aos finais de 4 pezas.
A curiosa xeometría do taboleiro. O cadrado e a conxugación de casiñas. Xogos complementarios.
Recursos didácticos (III)

CUARTO BLOQUE (5 horas online)

IV Transversalidade. O xadrez como ferramenta dentro do ensino primario.

Transversalidade 2: Xadrez, ferramenta nas NEAE. Atención, memoria e habilidades executivas
Transversalidade 3: Xadrez como ferramenta na competencia en comunicación lingüística. (CCL)
Transversalidade 4: Xadrez-ferramenta na competencia de conciencia/expresións culturais. (CEC)
Transversalidade 5: Xadrez e as TIC
Transversalidade 6: Xadrez como deporte. O xadrez dentro da Educación Física. (CSIEE e outras)
Recursos didácticos (IV)

QUINTO BLOQUE (5 horas online)

V Materia de libre configuración. Implementación. Programación para 1º e 2º ESO.

Xadrez, materia de libre configuración autonómica elexible no ensino. (DOG. 21 de Xullo 2015)
Programación da materia de xadrez para 1º e 2º da ESO e adaptación para Primaria.
Bloque 1. (Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe competencias)
Transversalidade do xadrez no ensino secundario e primario (1).
Bloque 2. (Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe competencias)
Transversalidade do xadrez no ensino secundario (2).
Recursos didácticos (V)



Concello de **OURENSE** Educación

FERRAMENTA FORMATIVA

Concentración, cálculo, memoria
control do espazo e do tempo...

DESENVOLVE


intuición, imaxinación,
autocontrol, creatividade...

FORMA EN VALORES

Empatía, respeto, xustiza...



Este curso realízase conxuntamente por:




Club Xadrez Ourense



Concello de
OURENSE
Educación

O xadrez: ferramenta intelectual, deportiva e educativa

Escola Municipal de Xadrez, Curso 2021-22



Escola Municipal de Xadrez, Curso 2021-22



Club Deportivo Xadrez Ourense



Concello de **OURENSE** Educación

Inicio: Novembro de 2021

información: <https://educacionourense.com>

988 388 136 / Praza S. Martiño nº 1, 1º

www.xadrezourense.com